



Concello de Cangas

Expediente núm.: 1565/2018

**Procedemento:** PS-18/02 Proceso selectivo de 3 condutores para o vehículo motobomba

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que por decreto desta Alcaldía núm. 2018-1116 se ten disposto, de conformidade co establecido nas bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/06/2018 que rexen o proceso selectivo para a selección e posterior contratación de tres condutores para vehículo motobomba para a brigada municipal de prevención de incendios forestais, a fixación da primeira proba do proceso selectivo.

Visto que convocado o tribunal de selección con traslado da data, hora e lugar previstos, por parte do Presidente do mesmo se puxo en coñecemento desta Alcaldía a imposibilidade de contar cos medios técnicos necesarios para a realización da proba na data acordada no citado decreto.

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Retrasar a data prevista no decreto desta Alcaldía núm. 2018-1116 para a realización da proba práctica de tal xeito que este queda fixado para o vindeiro **venres 6 de xullo de 2018** ás 10:30 horas na rúa Montecarrasco, 3, 36949 Cangas, Pontevedra (en fronte ao instituto María Soliño ).

SEGUNDO: Publicar a presente resolución no taboleiro municipal, sede electrónica e páxina web do Concello.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850